

PROPOSTA DA CONFEDERACIÓN
INTERSINDICAL GALEGA PARA A MESA
XERAL DE NEGOCIACIÓN DO CONCELLO
DE XINZO DA LIMIA, EN RELACIÓN CO
PLANO DE AXUSTAMENTO FORMULADO
POLA ALCALDÍA DISE CONCELLO

1º.- PREVIO:

Antes de pasar a expor as propostas que a CIG ten elaborado como achega á solución do problema derivado do presentación do Plano de Axustamento do Concello de Xinzo da Limia, é preciso que, brevemente, sinalemos os principios polos que, ao noso xuízo, debe conducirse esta negociación, de cara a que a mesma obteña un resultado satisfactorio para todas as partes ou, polo menos, o menos malo para as distintas partes.

Como xa se avanzou, publicamente, a CIG considera que as medidas que se deban adoptar para dar solución ao problema económico do que trae causa este escrito, teñen de cumprir unha serie de requisitos, tanto na súa adopción, como no seu contido, precisos para a súa aceptación polos traballadores/as e, ao cabo, para a súa viabilidade:

1º.- Equilibrio:

As cuestións que se acorden teñen de implicar que a súa posta en práctica sexa verdadeiramente útil para a solución do problema formulado e non xeren un segundo problema a maiores ou un problema engadido ao principal.

2º.- Ponderación:

As cuestións que se acorden han ter en conta que é preciso ponderar o prexuízo que causan co beneficio que xeran. Non tería sentido, por exemplo, propor certos recortes en materia de persoal se non houbera un desequilibrio, entendido como un déficit económico. Se non houber un déficit económico carecería de obxecto propor recortes en materia de persoal.

3º.- Xutiza e equidade:

As cuestións que se acorden deben supor que todo o persoal que consume recursos, do capítulo 1 dos Orzamentos Municipais, contribúa nunha medida xusta e de xeito equitativo á solución do problema. Non sería xusto que só un colectivo, dos tres que existen no Concello, tivese que apandar co 100% do esforzo acordado e os outros dous colectivos, sen motivo ou argumento, non contribuísen en nada á solución do problema.

4º.- Respecto para as partes:

Como en todas as relacións laborais, neste asunto, tamén hai dúas partes: o Concello e os seus representantes e os traballadores/as e os seus representantes. Pois ben, igual que no resto desas relacións, a parte que obtema o poder de organización e dirección é a parte, chamémoslle forte, fronte a outra parte sobre a que ha recaer directamente o prexuízo das decisións que se acorden, a parte máis débil. Pois ben, ambas partes, preservando o seu lexítimo dereito á defensa e a discrepancia pública, deben conducirse respectando aos seus interlocutores mutuos e as súas opinións, propostas e discrepancias. Non poderían os traballadores/as, por pouco que gosten de propostas municipais (tais como aquela que, publicada en prensa, dicía: NON ME HA TREMER A MAU PARA ASINAR UN ERE) cargar persoalmente contra os autores da mesma, adxectivándoos con todo tipo de apelativos persoais. As propostas poden non gustar, mais as persoas que as fan non teñen porque ser uns mintireiros/as, cínicos, manipuladores, panfleteiros, etc. Isto tamén debe valer para as propostas e discrepancias manifestadas polos representantes dos traballadores/as. Non entender isto así tornaría o que debe ser unha negociación libre, democrática e aberta nun exercicio de aceptación si ou si das propostas dunha parte que se anoxa cando a outra parte fai as súas propias propostas, porque non está dacordo con elas. Nise sentido é preciso conducir a negociación pola vía do respecto e da calma.

5º.- Capacidade de diálogo e interlocución:

Directamente relacionado co anterior as partes deben extremar a súa capacidade de diálogo e interlocución. Iso quer dicir que han facer todos os esforzos posibles por entender as propostas da parte contraria, sen adxectivalas porque non sexan as súas, mais, simultaneamente, entendendo as características e circunstancias da parte coa que se negocia. Se a lei determina que para chegar a calquera acordo válido é preciso o concurso de organización que contén coa metade máis un dos representantes dentro do persoal, ha porse en valor esta previsión legal, aínda que tamén se teñan en consideración as lexítimas opinións de outras partes que non alcanzan tais umbrais.

A Confederación Intersindical Galega considera preciso facer este previo en función dos sucesos que teñen acontecido desde se aprobou o Plano de Axustamento polo Pleno do Concello de Xinzo da Limia e que están a derivar nunha tensión, innecesaria para as partes, que ao único que pode conducir é efectos indesexados. Nisa mesma

liña a CIG ofrece ao Concello de Xinzo guiar a negociación, consonte cos principios anteriormente expostos.

2º.- ANÁLISE E CONTESTACIÓN ÁS PROPOSTAS ENTREGADAS POLO CONCELLO DE XINZO O PASADO DÍA 17 DE MARZO DO 2012:

Ante as 6 propostas de redución salarial e de xornada realizadas pola Alcaldía do Concello de Xinzo da Limia e entregadas na pasada reunión do día 17 de Marzo do 2012, a Confederación Intersindical Galega debe manifestar o seguinte:

1º.- Aínda que, con forma de 6 propostas distintas, en realidade a Alcaldía do Concello de Xinzo da Limia o que fixo foi concretar, con algunhas variantes, dúas das catro medidas contidas no Plano de Axustamento Municipal: redución salarial e redución de xornada.

2º.- En relación coas medidas 2ª a 6ª, considera esta parte que as variantes de redución salarial e de redución de xornada, en función da pertenza do traballador/a a un departamento ou outro, non poden ser consideradas viábeis, dende un punto de vista técnico-xurídico, por canto poderían violar o artigo 14 da Constitución Española, que, trasladado as relacións laborais, garante o dereito dos iguais á igualdade. Non sería legal que un grupo 1, 2 ou 3 cobrasen mais ou menos salario dependendo do departamento municipal ao que pertenceran e, mesmo, aínda que as partes acordasen unha medida deste calibre a súa consistencia sería tan fráxil que provocaría que a súa viabilidade ficase condicionada a que a nengún se lle ocorrese impugnar xudicialmente unha medida deste estilo, por considerala discriminatoria.

Finalmente, a efectos da viabilidade técnica das 5 últimas propostas, tamén hai que sinalar que é cuestionábel dende o prisma da propia reforma laboral, recentemente imposta polo Goberno; por canto a Disposición Adicional 2ª do Decreto que a aproba, sinala que no sector público non son posíbeis as reducións de xornada.

3º.- No que atinxe á única medida viábel xuridicamente, das que se propuxo: o acordo das partes para a redución liñal do 22% dos salarios de todos os traballadores/as; esta representación non pode aceptala ao considerar, como nas nosas propias propostas se ha acreditar, que contén dúas notas na súa xestación que provocarían, por unha banda, a discriminación dun persoal fronte a outro e, pola outra, levarían a un

recurte salarial do persoal laboral excesivo e innecesario á vista das propostas que se deducen do propio Plano de Axustamento Municipal.

4º.- Por último, cómpre salientar que as outras dúas medidas, que se deducen do Plano de Axustamento: O ERE EXTINTIVO E O ERE SUPENSIVO non foron concretadas, propositivamente, pola Alcaldía do Concello de Xinzo da Limia e sería clarificador que se fixeran e concretaran tais propostas, a efectos de coñecer todas as censoas formuladas pola Alcaldía e para non levarnos sorpresas no futuro. Que se fagan propostas non implica que estas se deban impor; mais é preciso coñecelas para manter unha negociación plena con todos os elementos en xogo. Por ise motivo, a CIG considera que a Alcaldía do Concello de Xinzo debería concretar as propostas relativas aos EREs que se conteñen no Plano de Axustamento do Concello (tendo en conta tamén a Disposición Adiccionada 2ª do Decreto polo que se aproba a Reforma Laboral); ou, no caso de descartarse definitivamente, sinalar que tais EREs fican fora da negociación por ter sido retirados como propostas.

3º.- PROPOSTA DA CIG PARA CONTRIBUÍR A SOLUCIONAR O PROBLEMA ECONÓMICO:

Antes de nada cómpre lembrar o dito polo Alcalde do Concello na pasada reunión da MXN, no sentido de que calquera proposta que fixese a representación sindical e que producise unha solución ao problema sería aceptada pola Alcaldía. Pois ben, tomando esa palabra, pasamos a facer unha proposta, inicialmente, que contribuirá a equilibrar economicamente a situación do Concello de Xinzo da Limia, sen necesidade de recurtar 500.000 euros no gasto do capítulo de persoal e, mesmo, propiciará a baixada da presión fiscal aos viciños e a colocación do Concello de Xinzo nunha situación de superávit no prazo de 10 anos. Posteriormente, tras o debate desta proposta, de non chegar a un acordo, entre as partes, estaríamos en disposición de facer unha batería de propostas para viabilizar a situación, recurtando 500.000 euros no gasto de persoal do Concello, mais facéndoo de xeito viábel legalmente e cumprindo cos criterios sinalados no punto 1º deste documento.

Porén, consideramos que pode ser mais útil ao Concello facer esta 1ª proposta, inicialmente; que ten mais a ver con analizar e examinar os números que se deducen do Plano de Axustamento presentado e, tras ese traballo, de estarmos no certo, reconducir o propio Plano de Axustamento, co obxecto de que dea cumprimento a tres principios:

- a) Redución do esforzo proposto aos traballadores/as laborais do Concello.
- b) Redución da presión fiscal proposta aos veciños/s do Concello de Xinzo da Limia.
- c) Obtención no prazo de 10 anos dun superávit orzamentar de 2.000.000 de euros por parte da institución.

I.- Proposta da CIG que evitaría un recorte de 500.000 euros no gasto de persoal do Concello, aliviaría a proposta en canto a presión fiscal e produciría 2.000.000 euros de superávit no prazo de 10 anos:

1ª.- O Plano de axustamento do Concello establece dúas fontes de financiamento municipal: a redución do capítulo de persoal e a suba de impostos. Entrambas fontes preténdese equilibrar e compensar a economía municipal que, en palabras do señor Alcalde, ten unha débeda que ronda os 8.000.000 de euros. Pois ben, non tería razón de ser que unha vez satisfeita a débeda municipal, en base ao esforzo de traballadores/as e veciños/as, se pretendese entrar en superávit pola vía de seguir apretando a uns e a outras, en vez de entrar nesa situación pola vía da boa xestión municipal. Así as cousas, se sumamos as cantidades que se pretenden aforrar e recadar a maiores no Concello nos próximos 10 anos, obtemos que o Concello limiao quer aforrar 5.000.000 de euros en persoal e recadar 9.522.000 euros a maiores dos que recada pola vía da suba de impostos. É dicer, entre aforro de persoal e recadación a maiores a conta total importa un beneficio bruto para o Concello de 14.500.000 de euros, nun período de 10 anos. En consecuencia, desta conta dedúcese que, nese período, o Concello obterá un beneficio neto, pagada a débeda, de 6.500.000 de euros; que a CIG propón reequilibrar, para falarmos dun verdadeiro plano de axustamento e non dun "plano de vó", do seguinte xeito:

Se en troques de pretender un beneficio neto en 10 anos de 6.500.000 de euros (obxectivo para o que non está previsto o Plano de Axustamento) se equilibrase a conta, buscando un bó beneficio neto de 2.000.000 de euros (mais que suficiente para termos un plano de axustamento aceptábel), poderíase rebaixar tanto a presión fiscal aos veciños/as, como evitar o trauma da redución salarial proposta polo Concello, polo menos nunhas cantidades tan desorbitadas.

Daquela, nisa cena, os traballadores/as, no seu conxunto (funcionarios, laborais e políticos), poderían asumir un esforzo de redución liñal do 5% da masa salarial do Concello, aplicada, ponderadamente, a aqueles conceptos salariais de disposición municipal (no caso dos funcionarios o

complemento específico e de produtividade); xerando un aforro de 216.539,90 euros ao ano que, xunto co reequilibrio do plano de axustamento, reducindo as esaxeradas expectativas de beneficios netos, contidas no Plano actual (de 6.500.000 de euros a 2.000.000 de euros), provocarían que o Concello, mesmo, tivese marxe para baixar a presión fiscal aos veciños por valor de 1.600.000,00 euros, obtendo igualmente un bó superávit, en 10 anos, de 2.000.000 de euros e, o anterior, sen aplicar medidas traumáticas en materia de persoal.

PLANO CONCELLO:

1.- Débeda global do Concello:	8.000.000,00
2a.- Previsto recadar por suba de impostos:	9.522.000,00
2b.- Previsto aforrar por persoal:	5.000.000,00
2.- Previsto Economizar en 10 anos:	14.522.000,00
3.- Saldo a favor do Concello en 10 anos:	+ 6.522.000,00

PROPOSTA CIG:

1.- Débeda global do Concello:	8.000.000,00
2a.- Previsto recadar por suba de impostos:	7.922.000,00
2b.- Previsto aforrar por persoal:	2.165.399,00
2.- Previsto Economizar en 10 anos:	10.087399,00
3.- Saldo a favor do Concello en 10 anos:	+ 2.087.399,00

En definitiva e antes de facer outro tipo de propostas é preciso que o Concello de Xinzo da Limia analice esta 1ª oferta da CIG e tras a súa análise, ou ben se implementaría cos acordos oportunos, ou ben se tentaría por parte da representación sindical seguir facendo propostas por esta e outras vías.

En Xinzo a 25 de Abril do 2012

Os Delegados de Persoal da CIG